

# vertixe 9



15-31.10.2021



vertixesonora.net

PROMOVE:



PATROCINA:



Conscientes da base de poder que impoñen xeografía e historia, dende **Vertixe 9** ofrecemos un espazo sonoro de apertura, un medio para descolonizar a homoxeneización aural practicando fonchos e fendas que desfagan os tapóns auditivos e as prácticas obsoletas.

Cuestionando o dereito á lexitimación, resistindo con forza a tendencia á uniformización e á universalización occidental, abrimos xanelas e operamos buelas que acollan as singularidades nas que reverberan as resonancias do diverso.

Porque fronte ao canon omnisciente e a cultura da exclusión apostamos polas mentes abertas, o traballo entre iguais, os oídos curiosos e atentos, e as intuicións organizadas e astutas coa parcialidade coma condición de ser.

Renovando os votos de liberdade, independencia e compromiso coa excelencia que asumimos na nosa fundación, e co obxectivo de imprimir un salto de confianza e calidade aceptamos con moita alegría e responsabilidade o convite da **ISCM – International Society for Contemporary Music**, organizadora dos **World Music Days** para recuperar a desaparecida **ISCM – España**, a sección española da institución. Recoñecemento a dez anos de traballo entusiasta cunha vocación irrenunciable pola nova música, dende unha institución centenaria, celebrará seu **100 aniversario** o vindeiro ano na dobre sede de **Johannesburgo** e **Soweto** nunha edición especial en **África** baixo a dirección artística de **Lukas Ligeti**. Unha iniciativa que sitúa a Vertixe Sonora entre os afluentes principais de **creación e promoción do patrimonio musical internacional** –moitas das grandes personalidades da música do pasado século (Schönberg, Berg, Webern, Bartók, Stravinsky, Ligeti, Varèse, Nono, Lachemann, Schnebel, Boulanger, Saariaho, etc.) estiveron vinculados dun xeito ou outro a esta institución.

Serán **oito concertos e dezasete estreas mundiais** de outros tantos compositores e compositoras de todo o mundo na segunda quincena de outubro. Comezamos o sábado 16 ás 17h. na IGREXA CONVENTUAL DE SAN FRANCISCO en Pontevedra con UMS'n JIP, dúo suízo formado por **Javier Hagen**, contratenor e electrónica e **Ulrike Mayer-Spohn**, frautas de pico e electrónica que presentarán **TRES VOCES** de Morton Feldman. Cecáis sexa **Morton Feldman** (Manhattan, Nova Iorque, 1926 – Buffalo, Nova Iorque, 1987) o compositor máis axeitado para describir este periodo de suspensión temporal que acabamos de vivir durante o confinamento. E probablemente estamos agora en disposición de escoitar as súas paisaxes de sons flotando no baleiro dun xeito diferente. Sons entre o tempo e o espazo, entre a pintura e a música, despoixados dos xestos instrumentais convencionais, dos xiros adquiridos na cultura occidental, nunha dimensión global que sostén os elementos en equilibrio, mantendo esta tensión, ou este estado, á vez conxeadado e en vibración.

Seguimos con tapices sonoros. Elaborados neste caso por tres compositoras e un compositor. Tamén en Pontevedra no EDIFICIO CASTELAO DO MUSEO DE PONTEVEDRA o martes 19 ás 20h. **NOEUD-COL GABBEH**. En persa *gabbeh* significa: natural, cru, intacto, sen cortar. En francés *noeud-col* nó-cela, a mínima estrutura na construción dunha alfombra. As alfombras persas Gabbeh son tecidas tradicionalmente polas mulleres das tribos nómades do suroeste de Irán. En Noeud-col Gabbeh poderemos transitar na escoita a través das catro estreas mundiais escritas para arpa, trompeta,

trompa, violoncello e percusión. Obras que convirten aos instrumentos en autómatas industriais (**Sylvain Marty**, FRANCIA), que nos falan das desinencias do tempo nas lembranzas (**Alysa Aska**, CANADA), das trangresións mor da curiosidade (**Yulan Yu**, CHINA) ou de acenos que convocan a unha danza (**Liao Lin-Ni**, TAIWAN)

O domingo 24 ás 19h. no AUDITORIO DA XUNTA DE GALICIA EN CAMPOLONGO, Pontevedra, **NUBES E NÓMADAS** unha proposta transmedia para ensemble de solistas (6 en vivo, 6 en vídeo) ideada por **Carlos Sandoval** (MÉXICO). Referente na composición con entornos audiovisuais propón unha reflexión sobre a deriva. Combinando música ao vivo con videos dos intérpretes deambulando polas rúas de Pontevedra (o paseo do río Gafos, o skatepark Mollabao, os arcos da rúa de San Bartolomé, os xardíns de Vicenti...) nun proceso que consegue traspasar as fronteiras físicas suliñando a dualidade do real e o virtual. Completa o programa a nova estrea mundial da chinesa **Cong Wei**, na que se fusiona soño e realidade; e a obra *Lilith* de **Yulan YU** (CHINA) na que se confronta a concepción da feminidade en oriente e occidente a través do mito bíblico de Lilith e o pensamento taoísta.

No ESPACIO DE ARTE SVT de Vigo, o martes 26 ás 20h., escoitaremos ao guitarrista Nuno Marques en **SLAPBACK**. Partindo da improvisación descubrirá formatos sonoros que xurden da confrontación con eventos sociais contemporáneos (*Zeitgeist [2]*, **Eric Egan** 2019), coas pinturas rococó de Giovanni Battista Tiepolo (*Clouds*, **Gregor Forbes** 2019), que explora a granulación tímbrica (*11 for Solo Electric Guitar*, **Zachary Seely** 2012) ou mesmo a creación de espazo dende a repetición microtemporal (*Slapback* de **Michael Fiday**, 1997).

O 7 de outubro de 1571 o imperio otomán enfrentouse coa Santa Liga Católica liderada por **Juan de Austria** preto da cidade grega de Náfpakto (Lepanto en italiano). Unha sorte de guerra mundial na época. Alí perdera a mobilidade da súa man dereita con 24 anos **Miguel de Cervantes** feito polo que recibirá seu famoso alcume. Alí tamén atopará inspiración -por que?, unha encomenda?- o arquitecto portugués anónimo que creou o magnífico retablo de *Nosa Señora do Rosario* (absolutamente único pola súa inclusión desa referencia á batalla). O xoves 28 ás 20h. na IGREXA MONACAL CONVENTUAL DE SAN DOMINGOS, Tui, e enmarcada nas actividades que lembran os 450 anos da *Batalla de Lepanto* presentaremos **OFICIO DE ARMAS**. Se **Alberto Carretero** achégase da man de Emilia Pardo Bazán, aos sutís procesos psicolóxicos da sensibilidade feminina en **O encaixe roto**; o compositor serbio **Djordje Markovic** suliña en *Proximidade* aspectos relacionados co ruído e a alienación que pasan inadvertidos na experiencia cotiá. Pola súa banda **Otero Moreira** homenaxea o noso patrimonio natural no seu novo traballo: *Solitarias infindas as sequoias*. Presentamos *Oficio de armas*: o fragor da batalla, a paisaxe calma, e un mundo sen homes; tres imaxes complementarias da guerra e as súas consecuencias. Completa o programa *Point Vermeil (2021)* para violín só e electrónica do grande compositor portugués **Miguel Azguime**

**SAÍR [vir]** é unha performance concebida e deseñada pola artista sonora e visual **Yana Shliabanska** (UCRANIA) para o panóptico superior do MARCO en Vigo. Activarase en estrea mundial o venres 29 ás 20h. Tres instrumentos melódicos para evocar a historia dos tres heroes ucráinos, homes anónimos, que se mergullaron baixo o reactor nuclear despois da explosión de Chernobyl (Ucráina, 1986) para abrir as válvulas e liberar auga radioactiva. Cecabes nin sequera se percataran da importancia e perigo da súa misión: seguían ordes.

O sábado 30 de outubro, 20.45h. na CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA DE VIGO, Vigo, **NOITES BRANCAS**. Afectuoso homenaxe a **Isaura Abelairas** (1951-1921) impulsora e amiga do festival recentemente finada. O programa percorre obras fundamentais da literatura contemporánea para viola sóa levando o instrumento ao límite das súas posibilidades. Un programa articulado a partires da **Sonata para viola An den Gesang Eines Engels (Ao canto dun anxo)** (1955) de **Bernd Alois Zimmermann** (1918-70) unha obra escrita en memoria da súa filla Barbara morta a pouco de nacer que inclúe músicas de **Israel López Estelche** (1983), **Salvatore Sciarrino** (1947), **Francisco Coll** (1985), **Liza Lim** (1966) e a estrea mundial de **Rural Ghost\*** de Chapman Welch (1973)

O derradeiro concerto o domingo 31 de outubro ás 19h. no AUDITORIO MARTÍN CÓDAX, Vigo. **TEMPO EXPOSTO E...** presenta catro estreas mundiais de **Ui-Kyung Lee** (Seúl, Corea do Sur, 1984), **Adrian Laugsch** (Colonia, Alemania, 1997), **Chanhee Lim** (Daejeon, Corea do Sur, 1985) e **Iván Ferrer-Orozco** (Cidade de México, 1976) para reflexionar acerca da vida actual e as importantes transformacións nas prácticas políticas, económicas e sociais ás que acontecementos como a Covid-19 e o cambio climático obrigan despois de 300 anos de civilización mecanizada, capitalismo, imperialismo e globalización. Completa o programa o recente traballo de Macarena Rodmanich (Santiago de Chile, 1981) **Desertos**. Cecabes precisemos dunha comprensión bergsoniana do tempo para acometer desafíos que nos amosen, como en longas exposicións fotográficas, novas dimensións do real, aperturas da percepción consciente previamente inaccesibles.

E propostas de arte sonoro, concertos didácticos, sesións abertas de ensaio e moitas cousas máis...

## RELACIÓN DE CONCERTOS

Entrada libre previa inscrición telemática até completar aforamento

sábado 16, 17h | IGREXA CONVENTUAL DE SAN FRANCISCO, Pontevedra

**TRES VOCES UMS'N JIP**

martes 19, 20h | EDIFICIO CASTELAO DO MUSEO DE PONTEVEDRA, Pontevedra

**NOEUD-COL GABBEH**

domingo 24, 19h | AUDITORIO DA XUNTA DE GALICIA EN CAMPOLONGO, Pontevedra

**NUBES E NÓMADAS**

martes 26, 20h | ESPACIO DE ARTE SVT, Vigo

**SLAPBACK**

xoves 28, 20h | IGREXA CONVENTUAL DE SAN DOMINGOS, Tui

**OFICIO DE ARMAS**

venres 29, 20h | MARCO Vigo


**SAÍR[vir]**

sábado 30, 20.45h | CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA DE VIGO, Vigo

**NOITES BRANCAS**

domingo 31, 19h | AUDITORIO MARTÍN CÓDAX, Vigo

**TEMPO EXPOSTO E...**



# vertixe 9

# en paralelo

## 10-21.12.21 PONTEVEDRA



vertixesonora.net

PROMOVE:

vertixe 10 años sonora



ISCN - España

PATROCINA:

CONCELLO DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA



COLABORA:

Facultade de Belas Artes Universidade de Vigo

IONCE

NEMON N

vertixe 10 años sonora



Sociedad Internacional de Música Contemporánea

O programa de actividades deseñado para esta novena edición é o máis ambicioso dos organizados na serie histórica. Agrupado en catro bloques de contidos terá o seu recorrido ao longo do 2021 coa vontade de promocionar a programación de música contemporánea actualizada e na vangarda do coñecemento internacional de xeito continuado na provincia. Un aluvión de actividades para todos os públicos e artistas noveis que inclúe un curso de composición con paneis de lectura, ensaios abertos, encontros, conferencias e concertos, instalacións artísticas e accións sonoras, un programa de residencias artísticas, concertos ao ar libre así como actividades educativas ou programas de inclusión e promoción da diversidade.

### **vertixe 9 EN PARALELO**

BLOQUE 1. **BARCELONA MODERN** 10.3-16.7 PONTEVEDRA

BLOQUE 2. **FUNDACIÓN LAXEIRO: RECORDOLETERLORINTOREL** 23.7-19.9 VIGO

BLOQUE 3. **RESIDENCIAS ARTÍSTICAS** 10-31.10 VIGO, TUI, PONTEVEDRA

BLOQUE 4. **EN PARALELO** 10-21.12.21 PONTEVEDRA

## BLOQUE 1. BARCELONA MODERN

10.3-16.7 PONTEVEDRA

**vertixe 9** desenvolverá en Pontevedra nun programa combinado de actividades presenciais e telemáticas a 7ª edición do **Curso Internacional de Composición Barcelona Modern** xunto a **Francesco Filidei, Oscar Bianchi** e o ensemble **Barcelona Modern**. Doce novas creacións e quince países participantes –Exipto, Singapur, Alemania, Estados Unidos, Taiwan, China, Colombia, Grecia, Suecia, Reino Unido, Italia, España, Arxentina, Portugal, Costa Rica– nesta celebración multicultural a prol da nova música.

No marco dun esixente programa de actividades que inclúe dous concertos, dous paneis de lectura e dous encontros cos compositores participantes, tutorizarase a escrita de **seis compositores noveis**.

Co asesoramento de dous grandes mestres da música italiana, **Francesco Filidei** e **Oscar Bianchi**, os novos autores están a crear sendas composicións para unha singular formación de **óboe, fagot, guitarra eléctrica e electrónica**. Ademais outros seis compositores foron tamén seleccionados para traballar cos integrantes de Vertixe Sonora. A oboísta Pilar Fontalba, o fagotista Jesús Coello, o guitarrista Rubén Barros e Ángel Faraldo no deseño sonoro e a electrónica acompañarán a todos o s participantes nesta edición. En total doce novas obras escritas para diferentes combinacións do conxunto seleccionado.

\* 1º encontro: 10 a 12 de Marzo de 2021.

\* 2º encontro: 27 a 29 de Maio de 2021.

\* 3º encontro: 14 a 16 de Jullo de 2021.

### \*1º encontro – 10 a 12 de Marzo de 2021

1. CONCERTO. 12 de Marzo de 2021 ás 20.30h

ATENCIÓN Por mor da COVID-19 o participación de Vertixe Sonora adiarase ao **Domingo 21 Marzo ás 19:00h** e desenvolverase dende o **Conservatorio Profesional de Música de Lugo**.

#### MEMORIAS PERDIDAS

**Fernando Garnero** (Arxentina, 1976) *Contracolpo* (2020) saxofón, percusión e dispositivo electroacústico

**Joao Quinteiro** (Portugal, 1984) *Canção I – “I Ascolta”* (2020) saxofón e percusión

**Mauricio Pauly** (Costa Rica, 1976) *The Threshing floor* (2015) dúo amplificado (saxofón e percusión), electrónica en vivo e cinta

**Pedro García Velasquez** (Colombia, 1984) *Memoria perdida\** (2021) clarinete, saxofón, viola, baixo eléctrico, percusión e electrónica

\*Estrea absoluta. Encomenda de Vertixe Sonora

VERTIXE SONORA Jorge López *clarinete* | Pablo Coello *saxofón* | Aglaya González *viola* | Guilherme Lapa *baixo eléctrico* | Diego Ventoso *percusión* | Iván Ferrer *medios electrónicos*

### \* 2º encontro – 27 a 29 de Maio de 2021.

1. PANEL DE LECTURA 28 de Maio 17-20h

17h **Amir Khalaf** (Cairo, Egipto) *Nova obra* óboe fagot, guitarra eléctrica

18h **Andreas Bäulm** (Alemania) *Nova obra* fagot, guitarra eléctrica

19h **Lee Hui Yi Joyce** (Singapur) *Nova obra* óboe, guitarra eléctrica

VERTIXE SONORA Pilar Fontalba *óboe* | Jesús Coello *fagote* | Rubén Barros *guitarra eléctrica* | Ángel Faraldo *electrónica*



## 2. ENSAIOS 29 de Maio mañá 10-14h – tarde 16-20h

Profesor: Francesco Filidei

10.00h **Tsu Yao Yang** (Taiwan) *Nova obra* óboe, amplificación

11.00h **Chun Ting Pang** (Hong Kong, China, 1983) *Nova obra* óboe, fagot, guitarra eléctrica, electrónica

12.00h **José Luis Perdigón** (Santa Cruz de la Palma, España, 1990) *Nova obra* óboe, fagot, guitarra eléctrica, electrónica

Profesor: Oscar Bianchi

15.30h **Alfred Jimenez** (Suecia, 1988) *Nova obra* fagot, guitarra eléctrica, electrónica

16.30h **Fredy Vallejos** (Colombia, 1978) *Nova obra* óboe, guitarra eléctrica, electrónica

17.30h **Kostas Zisimopoulos** (Grecia, 1994) *Nova obra* fagot, electrónica

VERTIXE SONORA Pilar Fontalba *óboe* | Jesús Coello *fagote* | Rubén Barros *guitarra eléctrica* | Ángel Faraldo *electrónica*

## \* 3º encontro – 14 a 16 de Xullo de 2021.

### 1. PANEL DE LECTURA 14 de Xullo 17-20h

17h **Bryndan Moondy** (Santa Cruz, Estados Unidos) *Nova obra* óboe

18h **Thomas Metcalf** (Oxford, Reino Unido, 1996) *Nova obra* óboe + Electric Guitar

19h **Riccardo Perugini** (Montepulciano, Italia, 1996) *Nova obra* óboe, fagot, guitarra eléctrica

VERTIXE SONORA Pilar Fontalba *óboe* | Jesús Coello *fagote* | Rubén Barros *guitarra eléctrica* | Ángel Faraldo *electrónica*

### 2. ENSAIOS 15 de Xullo mañá 10-14h – tarde 16-20h

Profesor: Francesco Filidei

10.00h **Tsu Yao Yang** (Taiwan) *Nova obra* óboe, amplificación

11.00h **Chun Ting Pang** (Hong Kong, China, 1983) *Nova obra* óboe, fagot, guitarra eléctrica, electrónica

12.00h **José Luis Perdigón** (Santa Cruz de la Palma, España, 1990) *Nova obra* óboe, fagot, guitarra eléctrica, electrónica

Profesor: Oscar Bianchi

15.30h **Alfred Jimenez** (Suecia, 1988) *Nova obra* fagot, guitarra eléctrica, electrónica

16.30h **Fredy Vallejos** (Colombia, 1978) *Nova obra* óboe, guitarra eléctrica, electrónica

17.30h **Kostas Zisimopoulos** (Grecia, 1994) *Nova obra* fagot, electrónica

VERTIXE SONORA Pilar Fontalba *óboe* | Jesús Coello *fagote* | Rubén Barros *guitarra eléctrica* | Ángel Faraldo *electrónica*

### 3. CONCERTO FINAL 16 de Xullo 20.30h

Programa de concerto

**Tsu Yao Yang** (Taiwan) *Nova obra* óboe, amplificación

**Chun Ting Pang** (Hong Kong, China, 1983) *Nova obra* óboe, fagot, guitarra eléctrica, electrónica

**José Luis Perdigón** (Santa Cruz de la Palma, España, 1990) *Nova obra* óboe, fagot, guitarra eléctrica, electrónica

**Alfred Jimenez** (Suecia, 1988) *Nova obra* fagot, guitarra eléctrica, electrónica

**Fredy Vallejos** (Colombia, 1978) *Nova obra* óboe, guitarra eléctrica, electrónica

**Kostas Zisimopoulos** (Grecia, 1994) *Nova obra* fagot, electrónica

VERTIXE SONORA Pilar Fontalba *óboe* | Jesús Coello *fagote* | Rubén Barros *guitarra eléctrica* | Ángel Faraldo *electrónica*

## BLOQUE 2. RESIDENCIAS ARTÍSTICAS

19/10/2021 - 21/12/2021 VIGO, TUI, PONTEVEDRA

Conferencias, ensaios abertos, actividades diversas e encontros co público de diferentes idades dos artistas en residencia que nos acompañarán coa súa presenza nesta edición.

**vertixe 9**, coma centro de creación, conta cun programa de residencias internacionais de apoio a artistas e creadores dende o que se promove a produción de obras de nova creación de artistas locais e internacionais.

### CALENDARIO DE ACTIVIDADES

luns 12 a mércores 14 de setembro, 10-14h e 16-18h | BBAA Pontevedra  
**CARTOGRAFÍAS SONORAS.** Obradoiro con Carlos Sandoval

sábado 16, 12h | NEMONON Pontevedra  
**ISCM – Sociedade Internacional de Música Contemporánea**  
 Javier Hagen, Xacobe Gaspar, David Durán, Ramón Souto

martes 19 de outubro, 10-14h | Edificio Castelao do Museo, Pontevedra  
**Sylvain Marty** (Francia), 10h  
**Liao Lin-Ni** (Taiwan, 1977), 11h  
**Yulan Yu** (Jiangmen, China, 1990), 12h  
**Alyssa Aska** (Estados Unidos, 1985), 13h

sábado 23 de outubro, 11-13h | Conservatorio Superior de Música, Vigo  
**Carlos Sandoval** (Cidade de México, México, 1956), 11h  
**Cong Wei** (China, 1988), 12h

domingo 24, 12h | AUDITORIO DA XUNTA DE GALICIA EN CAMPOLONGO, Pontevedra  
**TEMPO MAREADO.** Conversa aberta con Carlos Sandoval

xoves 28 de outubro, 11-16h | Igrexa de San Domingos, Tui  
**Alberto Carretero** (Sevilla, España, 1985), 11h  
**Ramón Otero** (Pontevedra, España, 1982), 12h  
**Miguel Azguime** (Lisboa, Portugal, 1960), 15h

venres 29 de outubro 12-13h | Marco, Vigo  
**Yana Shliabanska** (Kiev, Ucraína, 1994)

sábado 28 de outubro, 10-14h | Conservatorio Superior de Música de Vigo

**Iván Ferrer-Orozco** (Cidade de México, México, 1976), 10h

**Chanhee Lim** (Daejeon, Corea do Sur, 1985), 11h

**Adrian Laugsch** (Colonia, Alemaña, 1997), 12h

**Ui-Kyung Lee** (Seoul, Corea do Sur, 1984), 13h

## BLOQUE 3. FUNDACIÓN LAXEIRO: RECORDOLETERLORINTOREL

NEG – Alejandra Pombo Su, Jorge Varela, Misha Bies Golas, Diego Vites

23/7/2021 - 19/9/2021 VIGO

Sorteando as xerarquizacións para as que fomos adestrados unha parte importante da nosa cultura está a traballar extradisciplinarmente. Liberarse dos corsés da propia disciplina é recoñecer límites e faltas e defender procesos de desaprendizaxe que permitan aprender algo novo. Vertixe Sonora convida con moita expectación á Nova Escultura Galega a desenvolver unha instalación sonora ideada especificamente para o espazo da Fundación Laxeiro a partir de textos e audios do propio Laxeiro coa urxencia imperiosa de combater esas forzas limitantes de decadencia disciplinaria. E no contexto do XXV aniversario do seu pasamento retoma unha colaboración coa Fundación Laxeiro cargada de futuro.

### RECORDOLETERLORINTOREL

Co título RECORDOLETERLORINTOREL, Laxeiro escribe en 1978 un currículo para a súa exposición na Galería Torques de Santiago de Compostela que non deixa de ser, cos seus estraños lugares e nomes, unha crítica sarcástica ás institucións que conforman o círculo da arte. Anos despois podemos velo e escoitalo falando en “eslovaco” no programa Galicia sitio distinto dirixido por Antón Reixa e emitido pola TVG. Nese “eslovaco” que sacrificaba o plano semántico para explotar o nivel fónico de aparencia idiomática, resoábanos o poema de Lewis Carrol, Jabberwocky, a Jitanjáfora de Alfonso Reyes ou o Gígligo de Cortázar e, como non, eses idiomas como o Latín dos canteiros, o Barallete, ou o Trampitán de Xan da Coba Gómez. Precisamente lembrabamos a este último ao visitar a exposición de Raymond Roussel en Serralves, hai xa dez anos, e situalo como un precedente grotesco do surrealismo.

Ao disfrazar as palabras e recubrilas dunha aparencia sonora estraña, Laxeiro disfrazábase, un ser outro, coma nos seus cadros carnavalescos ou coma na imaxe na que aparece como escultor, con mono e pico, aparentando esculpir unha pedra. Imaxes de entroido, nas que a tradición se aparta para que calquera cousa nos axude a transformarnos por un momento: dende a bolsa do supermercado, até a caixa de cartón, dende o mono de mecánico á sulfatadora.

Se monxa, repetida unha morea de veces muda en xamón, en que se converte un currículo despois de repetilo un cento?

Con esta exposición, a Fundación Laxeiro quere conmemorar o XXV aniversario do pasamento de Laxeiro incidindo nunha das constantes da súa figura, como foi a defensa radical da súa

independencia como artista e tamén, recordalo dunha forma que manteña viva a súa memoria, isto é, convidando a artistas do momento a reflexionar sobre a súa figura.

#### NEG (NOVA ESCULTURA GALEGA)

Colectivo formado por Misha Bies Golas (Lalín, 1977), Alejandra Pombo Su (Santiago de Compostela, 1979), Jorge Varela (Allariz, 1971) e Diego Vites (O Grove, 1986) no ano 2018. A súa práctica artística remite á tradición artesanal galega, como tamén aos conceptualismos dos países do Leste europeo dos anos 70. Realizaron una extensa compilación e intercambio de documentos e arquivos, así como viaxes de estudo a varios países de Europa, publicando “Cadernos da NEG”. A súa presentación pública coma colectivo aconteceu no CIAJG (Centro Internacional das Artes José de Guimarães), no contexto da exposición “Complexo Colosso”.

#### COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN LAXEIRO E VERTIXE SONORA

A relación da Fundación Laxeiro coa arte sonora e a música contemporánea, como parte da súa liña de apoio á nova creación, comezou en 2001 co *Festival Internacional de Música Contemporánea Enrique Macías* que a partir da súa III edición cambiou o nome por *Festival Internacional de Música Contemporánea Fundación Laxeiro*, e tamén con ciclos como o *Ciclo de Compositores do século XXI* e colaboracións puntuais con Vertixe Sonora. Con *Recordoleterlorintorel*, unha intervención na que o son é un dos elementos principais, a Fundación Laxeiro recupera esta liña de traballo e quere facelo ademais, con vocación de continuidade, contando co colectivo *Vertixe Sonora* que nos últimos anos son unha referencia imprescindible na difusión da música contemporánea ao máis alto nivel.

## BLOQUE 4. EN PARALELO

10-21.12.21 PONTEVEDRA

#### PRESENTACIÓN DO PROGRAMA

A finais de setembro a prensa local facíase eco dunha medida cun tremendo impacto en termos simbólicos: Pontevedra pechaba ao tráfico varias rúas da cidade para expandir os patios de colexio. Liberadas de valados as zonas de recreo afirmaban o dereito á cidade, a un lugar de encontro onde proxectar ilusións, enlazar os fíos da urdidura social, establecer colaboracións e complicidades, conflitar problemáticas, reforzar convivencias e alteridades.

Coa mesma vocación de liberar a música dos espazos de escoita convencionais, en **Vertixe 9 EN PARALELO**, presentamos unha serie de intervencións, obradoiros, conferencias e concertos que ocupan o espazo público, se integran nos centros de ensino ou poñen en vibración a diferentes colectivos da cidade habitualmente desatendidos. Ondeando a premisa da participación, a marea de sonoridades diversas contribúe a xerar unha identidade cultural de prestixio con vocación universalista; situando a cohesión social, a visibilización e a valorización da sensibilidade no corazón do sistema arterial da cidade; coroando máis de vinte anos dun modelo que xa é referente internacional pola súa selección de prioridades.

Arte híbrido e participativo para pechar o **Vertixe 9**. Celebrando o espazo urbano e natural e desprazando o aceno cara aos procesos que xeran unha obra. Na procura de novos camiños que

conxugan a escoita do azar e o pensamento musical estruturado a linguaxe muta e a sociedade sofre unha transformación e abandoa categorías vellas. Mestura da memoria sonora cotiá e das imaxinacións de creadores e creadoras, a música sae dos auditorios na expresión dun cambio de mentalidade.

Comezamos o **venres 10 de decembro** con moita auga. Como a que evoca **N3rvdr** no seu **Arte da fuga**, instalación artística que conecta sons ruidosos da natureza ou da vida cotidiana. Fugas de auga, cámaras de televixianza, vídeos ASMR, e a obra de Bach nun proxecto de innovación educativa «xunto a» e «en colaboración con» estudantes inconformes que son «encauzados» por un sistema que ordena as súas existencias. Estará activo no **IES TORRENTE BALLESTER** ata o 20 de decembro.

Continuamos ao día seguinte, **sábado 11, na FACULDADE DE BELAS ARTES** con Tatiana Gerasimenok, artista bielorrusa residente en Alemaña que combina música, performance e audiovisuais. Entre as 10 e as 13h, os participantes desenvolverán accións que serán rexistradas en video e audio para construír a súa derradeira obra **20.36 ozt**. Completaremos este obradoiro cun achegamento á súa obra, ao seu pensamento e ao concepto das videopartituras.

Tamén inundada de auga estará a **FACULDADE DE BELAS ARTES**: Henrique Fernandes e Jorge Quintela de Sonoscopia presentarán **Aquática** o **luns 13 de marzo as 20h**. Unha instalación interactiva que poderá visitarse **ata o luns 20 de decembro**. En **Aquática** captúrase o son e proxéctase a luz desde e sobre un conxunto de líquidos e elementos electromecánicos, como bombas de aire e dispositivos de indución e transmisión sonora. Forma parte dunha extensa investigación sobre procesos nos que intervén o auga no que levan inmersos os derradeiros anos: *Sub Lumia*, (2018), *Desvio* (2020/21), *Éter*, (2021), *Liquid Estesia* (2021).

“Lugar como música e música como lugar. Un ideal sonoro no que converxen xeografía e xeometría sonora. Unha música da imaxe, da sonoridade singular, que enche o tempo e o espazo coa presenza vívida e física dun lugar”. Verbas de Luther Adams autor de **UN RUÍDO ESTRANO E SAGRADO**, un espectáculo para catro percusionistas o **domingo 19 a partires das 11h na ILLA DAS ESCULTURAS**. Propón unha achega matemática aos sons "ruidosos" da natureza: ondas e fervezas do océano, ventos de tormenta e tronos, glaciares que chocan contra o mar..., voces elementais que resoan tan profundamente na mente e no espírito humanos. Simetrías fractais –Pó de Cantor, xuntas de Sierpinski, Esponxa de Menger– para explicar o caos e a irregularidade do mundo.

Ao día seguinte, **luns 20, ás 20h** en **NEMONON** un proxecto multidisciplinar onde imaxe, texto e corpo procuran os límites do discurso: nomear o innomeable, plasmar o que non ten e deformar o establecido. Os madrileños **DEOVERTURE** combinan presenza, poesía e música electrónica e se preguntan se é posible baleirar un texto. Previamente ás 12h na Facultade de Belas Artes, Jose Pablo Polo presentará **CORPOS RE-SOANTES** unha conferencia sobor do espazo sonoro que xeramos e habitamos: re reelaborando a máxima de Descartes *Somnum ergo sum*, en definitiva, *Soo logo son, somos porque soamos*.

E finalizaremos con Buzz que presenta en colaboración co **CENTRO DE RECURSOS EDUCATIVOS DA ONCE** en Pontevedra o proxecto experimental **DIÁLOGO INTERIOR** para 20 persoas cegas e dispositivos electrónicos. Será o **martes 21 ás 20.15 na Igrexa Conventual de San Francisco**.

